

Ángel Carracedo,
Premio
Otero Pedrayo



Páxina 9

A biblioteca do
Pereiro terá
aillamento
térmico



Páxina 10

Bono turístico
para
aloxamentos na
Ribeira Sacra



Páxina 12

Exposición de
gando vacún en
Montederramo na
feira-festa
da carne



Páxina 15

A debate, en Santiago, a realidade
dos medios impresos en galego

Páxina 8



A farmacéutica Kern Pharma instalarase en Monforte

Páxina 10

Entrevista



María Rosa Lojo

escritora, membro de honra da RAG


“A chegada de inmigrantes a
Arxentina implicaba
esquecer parte das orixes”

Páxina 2



23º Salón Internacional
de Turismo Gastronómico

Ourense, do 9 ó 13
de novembro de 2022



www.xantar.org



Entrevista de Moncho Mariño

María Rosa Lojo: “A chegada de inmigrantes a Arxentina implicaba esquecer parte das orixes”

María Rosa Lojo é unha autora e investigadora arxentina descendente de pai galego exiliado polas súas ideas republicanas. Lojo ten desenvolto unha ampla obra tanto narrativa como poética ademais de ensaística dentro de Arxentina. Grazas a este labor

seu foi coñecendo autores e autoras galegas que lle permitiron a entrada no mundo literario galego. Desde hai tempo desenvolve unha ampla actividade de colaboración con institucións como a RAG da que xa é Membro de Honra e Embaixadora da Cultura Galega.

-O mércores 28 de setembro foi recibida como membro de honra e embaixadora da cultura galega na RAG. Como vai facer valer a súa posición como embaixadora e cales son os seus propósitos?

Do mesmo xeito que ata o de agora o fixen: co traballo intelectual e creativo, as publicacións, a difusión a través da prensa e as actividades culturais. Esas achegas son as que sentan unha base de presenza e de memoria. En realidade non é que o meu traballo empece a partir de agora. O nomeamento, que tanto me honra e emociona, máis ben recoñece o feito até o de agora, e apóiame, desde a institución, para seguir a desenvolvelo.

-O discurso que pronunciará titúlase Unha galega filla en Buenos Aires. Como sente a relación entre as diferentes xeracións de descendentes de galegos en Bs. As., con Galicia? Existe unha certa conciencia das raíces entre esta xente?

Desde xa que non todos temos a mesma relación coas raíces transatlánticas. Dentro dunha mesma familia hai diferentes reaccións. Nun principio, cando chegaban á Arxentina tantos inmigrantes de orixe galega en busca de progreso, ás veces o que resultaba prioritario era adaptarse como fose, asimilarse, homoxeneizarse, e iso adoita implicar certa dose de esquecemento. Doutra banda, houbo unha inmigración intelectual que puido soñar desde a Arxentina nunha “Galiza ceibe” como quería Alfonso Rodríguez Castelao, e que deixou un importantísimo legado literario e artístico. Hoxe día, cando os

grandes fluxos migratorios xa cesaron, e mesmo cambiaron de dirección, porque moitos descendentes de galegos deixan a Arxentina para buscar a vida en Europa, creo que hai unha mirada con máis balance, e moitos grupos que se reivindicán como “galego-arxentinos” e queren saber máis sobre as súas orixes. A música, a lingua, a literatura, a cultura galega en xeral (incluída a cociña) pónense en valor.

-O seu pai era galego, aínda así, cando tivo conciencia da particularidade do lugar de orixe do seu pai e que había unha lingua e cultura propias en Galicia?

Desde que recordo tiven conciencia da identidade galega porque papá falaba moito da súa terra, da súa familia, da súa vida antes e despois da guerra. Encantábanme os seus relatos de infancia e imaxinábase eses escenarios, eses personaxes. Un mundo que despois coñecería de maneira presencial e que motivaría a miña obra literaria (onde sempre hai protagonistas galegos, a ambos os dous lados do Océano) e tamén de investigación, en novelas como Árbol de familia (2010), Todos éramos hijos (2014), Solo queda saltar (2018) ou na obra dos ‘galegos’ no imaxinario arxentino. Literatura, sainete, prensa (2008), froito dunha investigación que dirixín, realizada coa colaboración dos investigadores Marina Guidotti de Sánchez en Letras e Ruy Farías Iglesias, en Historia, e que publicou a Fundación Barrié de la Maza.

-Vostede ten obras traducidas ao galego. Cre que debera haber un incremento nos inter-

cambios culturais entre Galicia e a comunidade de galegos e descendentes galegos en Arxentina?

Ese intercambio xa existe, aínda que sempre pode incrementarse. Desde Galicia viaxan á Arxentina todos os anos escritores, artistas, intelectuais que participan en diversas actividades (unha delas, a Feira Internacional do Libro de Buenos Aires) e tamén os galego-arxentinos imos a Galicia. En 2016 abriuse a Cátedra Libre Galicia – América, na Universidade Nacional de San Martín, que se engade á Cátedra Libre de Literatura e Cultura Galegas da Universidade Nacional da Prata, fundada en 2013. Desde 2007 o grupo Lectores Galegos en Buenos Aires dedícase a ler e difundir literatura galega clásica e contemporánea, mentres no Colexio Santiago Apóstolo, situado no populoso barrio de Once, educáanse non só descendentes de galegos, senón doutras colectividades, en particular, de asiáticos, que viven na zona. En 2016, tamén se lanzou na Arxentina o selo editorial Mar Maior, desprendemento do Grupo Galaxia cuxo obxectivo é a difusión da literatura e cultura galegas (da península e da diáspora) en Latinoamérica, a través de traducións: en Mar Maior publicouse un álbum ilustrado que fixemos coa miña filla Leonor, que é artista plástica: O Libro das Seniguais e do único Senigual, en versión castelá. A televisión galega tamén se interesa polo que facemos os descendentes de galegos no país. Hai unha circulación que nunca se interrompeu e o noso obxectivo é que se intensifique.

-A RAG precisamente destaca



de vostede que “a emigración e o exilio son constantes nos seus textos autobiográficos e de ficción e nos ensaios de investigación”. Durante o seu traballo autobiográfico, ficción ou ensaio en relación con Galicia, cales foron os datos que máis a sorprenden durante esas investigacións sobre a emigración e exilio galegos?

Que a identidade galega e as súas representacións desbordan o estreito molde dos estereotipos étnicos, dos mal chamados “chistes de galegos”. Hainos, claro, pero tamén na prensa, en ficcións e autoficcións, en libros de memorias, no teatro popular, vaise despregando e descubrindo unha identidade con ricos matices e unha gran potencia innovadora e creadora. Espero que a partir desas indagacións quede cada vez máis manifesto a achega de Galicia como referente patrimonial para Arxentina.

-Buscará desde o seu posto de académica de honra aumentar as relacións entre a RAG e a comunidade galega en Arxentina?

Sí, por suposto, en todo o que estea ao meu alcance. Sen dúbida, ser académico é un lugar de representación institucional desde o que se poden facer máis cousas, en principio, porque che consultan como referente e canalizas, así, as inquietudes colectivas, as iniciativas de grupos e persoas.

-Dentro das súas influencias galegas destacan Rosalía de Castro e Cunqueiro. Cales son os aspectos que máis a atraen destes dous autores?

De Rosalía a súa potente expresividade, a súa riqueza sensorial e emocional. De Cunqueiro, a súa maravillosa imaxinación, o seu xogo coas tradicións literarias e míticas, o seu humor, a súa graza. **-Tamén hai influencia dos relatos orais do seu pai. Que historias lle contaba o seu pai e que pegada deixaron no seu traballo?**

Gustábanme moito as súas memorias da vida campesiña: a casa ancestral de pedra, as historias dos antepasados que foron ás Indias en épocas coloniais e volveron, os ecos dun mundo antigo, romano e prerromano, as rocas e as fiandeiras que parecían saídas de contos de fadas. A vida poderosa das árbores, como un castiñeiro fabuloso que, segundo el, servira para labrar os mobles de toda unha familia. O bosque nai, que se di en feminino: unha árbore, unha fraga...era un mundo ao que eu quería pertencer. E despois estaban os personaxes: o señorito do pobo, o cura tramposo que se quedou con terras da familia, os buscadores de tesouros, a música do meu avó, que tocaba o acordeón e descoñecía a labranza. E tantas máis que emerxeron, moitos anos máis tarde, na miña novela Árbore de familia.

-Hai outros ou outras autoras galegas que influen no seu traballo?

A lírica galega dos séculos XIX e XX paréceme notable en xeral. Doutra banda, sempre encontro maravilloso, increíble, que o himno galego non sexa unha exhortación guerreira senón un gran poema

Continúa na páxina seguinte...

Un fracaso militar e un enterro

Por Rafael Poch. Publicado en CTXT. 18/09/2022

O tempo aclarará o alcance do fracaso militar ruso na rexión de Járkov, escenario dunha exitosa contraofensiva ucraína. O complexo atlantista preséntaa como un gran éxito e mesmo como posible fin do lento pero mantido avance ruso. Moito máis discretos móstranse os militares de Estados Unidos directamente responsables do asunto. Pola súa banda, nalgúns medios da esquerda do Sur global ignórase olímpicamente o que suxiren os compunxidos rostros que foron aparecendo estes días na tele rusa. Dise, por exemplo, que os ucraínos “ocuparon áreas das que os rusos tiñan previsto retirarse”. Todo vai ben.

Quen presenciou as accións do exército ruso na primeira guerra chechena, ou nos

inicios da guerra de Afganistán, non poden sorprenderse do nivel de desastre, incompetencia e barullo do que son capaces as forzas armadas rusas. Na historia militar rusa, as enormes cantidades de entrega e heroísmo van da man do desastre e o barullo, pero nas agresións, alí onde o oso ruso ataca sen ser previa e directamente atacado, o segundo adoita dominar amplamente sobre o primeiro.

Os fracasos da “operación militar especial” rusa serven para demostrar a utilidade do extraordinario fluxo de armas e diñeiro –orientado a eternizar o conflito no país, definido sen disimulo algún pola embaixadora de Estados Unidos en Kiev, Marie Yovanovitch, como “o campo de batalla da competición entre grandes potencias”– para o corrupto réxime ucraíno. Pero todo iso é secundario para situar no seu gran

contexto a espantada/retirada/derrota, sexa cal for a descrición máis adecuada, presenciada na rexión de Járkov. A menor escala, o que se está vendo en Ucraína é moi parecido ás marabillas militares que Occidente, e especialmente Estados Unidos,



vénnos regalando desde hai moito tempo.

Como lembra Andrew Bacevich, o exército de Estados Unidos, que o fai todo tan ben, dispón da máis avanzada tecnoloxía para matar, e consome un orzamento polo menos

catorce veces superior ao ruso, foi incapaz de gañar as súas propias guerras. Aí podemos remontarnos ata Corea e Vietnam. “E iso cando Rusia só leva seis meses empantanada en Ucraína, mentres que Estados Unidos estívoo vinte anos en Afganistán e aínda

ten tropas en Iraq dúas décadas despois da desastrosa invasión daquel país”. A que se debe o barullo político-militar de Estados Unidos, que ademais de producir millóns de mortos, decenas de millóns de desprazados e refuxiados, completa destrución de cidades enteiras, etc., tivo por resultado estimular fenómenos como o do Estado Islámico e o avance da influencia do seu adversario iraniano en Iraq?

CONTINÚA EN: <https://www.novas-doeixoatlantico.com/un-fracaso-militar-e-un-enterro/>

A doutrina do shock en Ucraína

Por Andy Robinson. Publicado en CTXT. 06/09/2022

Unha apaixonada defensa da democracia ucraína e a súa loita contra o agresor autócrata Vladímir Putin, a recente Conferencia sobre a Recuperación en Ucraína (URC), celebrada os días 4 e 5 de xullo en Lugano (Suíza), baixo os auspicios da UE, recomendou unha batería de medidas de desregulación e privatización sacadas do manual do vello Consenso de Washington (1989).

É imprescindible “reducir o tamaño do Estado mediante privatizacións, mellorar a eficiencia regulatoria (desregulación) e abrir mercados (liberalización dos mercados de capitais; liberdade de investimento)”, sostén o documento final. Así mesmo, hai que “fortalecer a economía de mercado” mediante “(...) a reforma da terra”, engade,

aplaudindo o novo plan de eliminar restricións sobre a venda de chan agrícola a corporacións estranxeiras no chamado “celeiro” de Europa. Estas medidas son esenciais, dixo a presidenta da Comisión Europea, Úrsula von der Leyen, no seu discurso ante a conferencia, para lograr “o soño dunha nova Ucraína, libre, democrática e europea”.

Unhas semanas despois, o Fondo Monetario Internacional, con sede en Washington, acordou co Goberno ucraíno de Volodimir Zelensky a suspensión dos pagos de servizo sobre débeda por 20.000 millóns de dólares, un xeneroso xesto de solidariedade co pobo en guerra. Ademais, para impulsar a economía cara á recuperación e unha senda de crecemento do PIB sostible, o FMI anunciou que condicionaría o rescate a un programa de privatizacións

de empresas estatais e á plena implementación do plan de desregulación da terra para facilitar a entrada sen restricións do agrobusiness global. Só coa entrada do



capital internacional poderíase lograr un aumento da produtividade das megacosechas de trigo, cebada e outros cereais, insisten a UE e o FMI.

Poucos o comentaron –quen quere ser

acusado de ser amigo de Vladímir Putin?–, pero resulta moi problemático este compromiso da UE e o FMI por axudar a Ucraína a adoptar as necesarias reformas de liberalización e privatización e así terminar o traballo iniciado tras a caída da URSS en 1991. O problema consiste no seguinte: segundo enquisas realizadas en 2018, só o 12% dos ucraínos apoia unha maior privatización da súa economía. É máis, a maioría oponse ao plan de desregulación do chan agrario e rexeita a entrada dos agro-traders con sede en Chicago ou os agrofondos con sede en Wall Street.

CONTINÚA EN: <https://www.novas-doeixoatlantico.com/a-doutrina-do-shock-en-ucraina/>

... Ven da páxina anterior.

romántico de Eduardo Pondal. E que no centro canónico da literatura galega estea, non unha voz masculina, un pai da patria, como na maioría das literaturas, senón unha voz feminina: a de Rosalía de Castro. Leo autores galegos dos nosos días, aínda que non sei se pode dicir que me influíron porque non foron lecturas formativas senón máis ben presenzas contemporáneas. Síntoos

fraternalmente próximos, desde os que son algo maiores ou algo menores que min (Freixanes, Alcalá, Rivas, Aleixandre, Casalderey, entre outros e outras) até xeracións máis novas. Entre os meus últimos descubrimentos, podería citar á poeta Olga Novo e ao narrador Xesús Fraga.

-Veu influencias de autores e autoras arxentinas sobre a literatura galega? Cales son os e as

autoras arxentinas con máis presenza?

Paréceme que Borges é a presenza máis influente, que llo coñece e cítallo sempre. Hai, por outra banda, autores galegos que coñecen moi ben a literatura e a historia arxentinas, como Víctor Fernández Freixanes (autor da gran novela A cidade dos Césares, que transcorre na Patagonia) ou Xavier Alcalá. Nos libros de ambos

emerxen as crónicas de viaxe, as lendas da terra ou, como en Huinca Lóo de Alcalá, incluso a novela arxentina do século XIX. Sen rumbo, de Eugenio Cambaceres, autor arxentino que está nos comezos do realismo e o naturalismo, se reelabora dunha maneira moi suxestiva neste último libro.

-Presentará proxectos de colaboración entre a RAG e entidades culturais de Arxentina?

Farei todo o que vexa posible nese sentido. Está moi ben que a RAG e as súas actividades cheguen á colectividade galega no Río da Prata, pero tamén é desexable que a lingua, a literatura e a cultura de Galicia promóvanse máis aló dos sitios específicos e que alcancen á Arxentina en xeral, que se interactúe libre e amplamente, como nos sucede aos descendentes de galegos na sociedade.

Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Portugal xa decidiu

O primeiro ministro portugués, António Costa (PS) ven de presentar a alta velocidade ferroviaria que unirá Lisboa co Porto, Braga e Valença do Miño, proxecto que se vai desenvolver entre 2026 e 2030. Deste xeito Portugal prioriza a súa conexión atlántica co noso País por riba da súa conexión con Madrid, que é o proxecto polo que optou o Goberno do Estado de Pedro Sánchez no cumio luso-español de outubro de 2020.

Portugal xa decidiu elixir a complementariedade económica e cultural coa Galicia para potenciar ese grande eixo Ferrol-Sétubal, que calquera observador dende a altura pode albiscar como unha das principais concentracións humanas non só da península ibérica, senón do propio

oeste europeo. Ten moi claro que iso é o que lle cómpre e non potenciar a radiabilidade española a prol do hipertrofiado Madrid, porque non quere que Portugal se convirta no burato negro no que se convertiu a Meseta castelá nin outros territorios da periferia española.

Semella que nesta andaina tanto o goberno como todas as forzas políticas e axentes sociais, sindicais e empresariais do noso País concordamos co proxecto dos nosos irmáns portugueses. Mais temos de ser conscientes da frialdade e mesmo oposición do Madrid político, empresarial, mediático, profesional e vencellado ao deep state que inclúe aos grandes corpos funcionariais do Estado.

Galicia terá de desenvolver unha grande

campana de información, unha ampla operación de lobby (tamén perante unha Comisión Europea que aposta por e financia aqueladamente esta caste de proxectos de



integración interestatal) e unha potente, teimuda e sostida mobilización cidadá que esixa a programación e execución da saída sur de Vigo e dos menos de 30 kms que o

Estado ha garantir para a conexión galego-portuguesa da alta velocidade ferroviaria.



Unha simple rolda de chamadas entre persoas con responsabilidades empresariais e políticas en Madrid e o enxergamento dos comentarios nas redes sociais nos achega a idea de que este proxecto non gusta ao centralismo madrileño, a esa España uninacional e radial que defenden, si, Abascal, Aznar e Díaz Ayuso, mais tamén Villar Mir ou Florentino Pérez. Velaí a importancia de amosar proactividade e unidade de País. Porque os proxectos comúns á Galicia toda (como adoita dicir Anxo Quintana) son case sempre imparábeis.

Inclusión vs división

O BNG enfronta este 25-S o seu 40 aniversario no momento no que se lle albiscan, interna e externamente, as mellores expectativas, sendo cada vez máis xente a que pensa que Ana Pontón pode presidir o goberno que saia das vindeiras eleccións nacionais. Unhas eleccións, porén, que poderían coincidir coas estatais na fin do 2023, o que, con todas as reservas, semella un elemento que podería favorecer ao PP.

Mais o primeiro chanzo a enfrontar pola organización liderada por Ana Pontón é o de consolidar os seus gobernos locais e avanzar substancialmente nas cidades e vilas galegas nas eleccións municipais do vindeiro maio. E isto vai depender de varios factores, algúns alleos ás soberanistas. No que estes si poden coadjuvar é en ofrecer alternativas urbanas de goberno progresista que teñan capacidade de integrar parte substancial do voto socialista e do devalante voto mareante, ademais de seducir aos sectores tradicionalmente abstencionistas. Nun conxunto de vilas medias e concellos pe-

quenos o BNG habería integrar, quizais con fórmulas variábeis e axeitadas a cada territorio, grupos e sensibilidades que operan no mesmo ámbito do galeguismo progresista. E non só por maximizar as súas posibilidades de obter concelleir@s, senón para non perder opción ningunha cara a obter a máxima representatividade nas catro Deputacións. Deputacións que haberían desaparecer nunha Galicia ordenada institucionalmente a xeito, mais que no curto prazo constitúen un contrapoder a respecto da parcialidade do trato do Goberno da Xunta cos gobernos locais progresistas.

O momento político e económico é moi grave, para Galicia e para a Europa toda, coa guerra de Ucraia, a inflación e a recesión ás portas e coa extrema dereita ás portas de obter o Goberno italiano. Cómpre entender a conxuntura. Non é que a Galicia e a Europa de hoxe sexan moi distintas ás do 1982, senon que son distintas ás do 2005, 2009 ou mesmo 2011. Unha proposta soberanista, progresista, interclasista e transversal ha ofrecer uns valores e un

programa distintos. Valores de inclusión, comunitarismo, integración e participación social e cidadá fronte á división, pasividade e individualismo desmobilizador no que se basean as propostas da dereita española.

Esta proposta esixe dun discurso dirixido á razón, convencendo da necesidade de novas políticas de defensa dos servizos públicos, de reindustrialización, reagrarización e resocialización, de dirección es-

tratéxica canto á xestión da enerxía, auga e alimentos e ao ordenamento do medio rural. Mais tamén dun discurso dirixido ao corazón, que inspire, anime e motive. Que non agache os riscos, mais sinale alternativas e poña en valor ese valores da inclusión e integración con Galicia como referencia. Semellante ao que anima as exitosas experiencias de goberno de Euskadi ou Escocia.

ANTOMS



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo. **CANARIAS:** Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

EIXO ATLÁNTICO
BOLETÍN DE OPINIÓN E CULTURA

Por Roberto Mansilla Blanco

VOX en tempos de Meloni

É significativa a crise interna de VOX. A mesma descifra moitas das chaves que están condicionando o actual clima político español de cara a un 2023 electoral. Unhas chaves que revelan o revival do bipartidismo PSOE-PP ante a crise política que se observa dende a esquerda (Podemos) e agora a dereita (VOX), toda vez aparecen na mesa novas tendencias (SUMAR de Yolanda Díaz) que calibrarán a súa efectividade político-electoral nos próximos meses.

A crise de VOX é tamén salientable ante o reforzamento dunha nova versión da ultradereita en Europa, con Giorgia Meloni á cabeza do novo goberno italiano pero tamén ante a recomposición das forzas extremistas de dereita no seo da UE, dende Hungría ata Portugal pasando pola recente vitoria electoral da dereita en Suecia, novo membro da OTAN tralo cumio de Madrid. Compre por tanto preguntar se estamos ante o final do 'europeísmo' de talante socialdemócrata ata agora coñecido, toda vez as forzas da dereita tentan recompoñerse ante o novo contexto que se presenta.



Un contexto trazado pola guerra ucráina e as tensións ruso-occidentais que auguran o empeoramento dunha crise socioeconómica in crescendo, escenario onde esta 'nova' ultradereita, coas súas múltiples facianas, buscará pescar con efectividade en río revolto, tentando gañar votantes nas cada vez máis deprimidas clases medias e traballadoras a través dun discurso simplista e demagogo pero non por iso menos efectivo.

A crise acaecida no campo da ultradereita española non debe reducirse ao pulso entre a 'disidente' Macarena Olona e a cúpula de VOX que finalmente decidiu romper

con ela. Ten que ver tamén coa posición deste partido ante a recomposición de espazos de poder por parte dun bipartidismo PSOE-PP que converge en intereses específicos (poder xudicial) pero tamén a través de medios de comunicación cada vez máis politizados e cooptados polo poder.

VOX, que pretendía ser o rupturista do sistema pola dereita, vese agora atomizado, en fase de reconversión. Ou quen sabe se tamén de recomposición. Sabe que depende do "efecto Feijóo" para chegar á Moncloa. Por certo, Feijóo xa anuncia unha xira europea focalizada en proxectar a súa imaxe a nivel continental, tentando mostrarse como unha "dereita moderada" pero que tamén depende do "tíron" político de VOX.

No momento actual do VOX "post-Macarena Olona", está por ver se terminará o "partido verde" pescando votantes nas clases obreiras, un síntoma que foi visible no caso de Marine Le Pen en Francia pero que tamén comezamos a observar, con menos incidencia, na Italia que agora ten Meloni liderando un novo goberno. Por outra banda, tampouco está claro se VOX

continuará o camiño de Cidadáns (C's), hoxe un actor cada vez máis marxinal do estamento político ibérico.

Para explicar a ruptura cunha Olona que curiosamente criticaba a "falta de democracia interna", un dos 'pesos pesados' de VOX, Espinosa de los Monteros, afirmou que era "o final do camiño" para Macarena. Non se refería, pensamos, a ese Camiño de Santiago que fixo este verán a ex candidata de VOX á Junta de Andalucía. É outro o camiño que se abre agora para VOX, cada vez máis labiríntico e incerto pero 'esperanzado' nos efectos que poida proxectar esa ultradereita europea que ten un agora un revival con Meloni e a súa "troika" no poder con Salvini e Berlusconi.

Veremos cómo transitará VOX este roteiro "post-Olona" que se abre agora, principalmente tomando en conta que o establishment político español está calculando as súas opcións ante un decisivo 2023 electoral cada vez máis á volta da esquina. Será Meloni a súa nova referencia? Ou seguirá apostando polo "efecto Feijóo" para 'peregrinar' cara A Moncloa?



A Coruña recupera os bailes nos centros cívicos

Alcaldesa, Inés Rey, acompañou aos veciños e veciñas de Monelos no regreso dos bailes de maiores nos centros cívicos, unha das actividades máis populares cuxo desenvolvemento foi interrompido pola pandemia. A rexedora estivo acompañada pola concelleira de Benestar Social, Igualdade e Participación

Cidadá, Yoya Neira. Ambas celebraron cos veciños e veciñas de Monelos a primeira das citas do calendario que se repetirá todos os luns no centro cívico.

Inés Rey destacou que "coa recuperación dos bailes nos centros cívicos lles devolvemos a ilusión ás e aos nosos maiores que tanto sufriron esta pandemia". Por mor das restricións da covid-19, a actividade tivo que suspenderse durante estes dous últimos anos, unha das actividades máis demandadas pola terceira idade e na que participan máis de 100 persoas



en cada xornada. "Con esta actividade non só coidamos e apoiamos aos nosos maiores, senón que tamén apoiamos ao sector cultural, un dos máis afectados pola covid-19" concluíu.

Os bailes levaranse a cabo nos centros cívicos cada luns en Monelos, os martes en Labañou, os xoves no Castrillón e Eirís (en semanas alternas), os venres nos Mallos, os sábados en San Diego e os domingos en Monte Alto, e manterán un horario uniforme: de 17.00 a 20.30 horas.-

BNG felicitou a Lula pola súa vitoria na primeira volta presidencial en Brasil

A coordinadora de Relacións Internacionais da Executiva Nacional do BNG e eurodeputada do BNG, Ana Miranda, participou en Sao Paulo nunha misión de acompañamento electoral co Partido dos Trabalhadores (PT) xunto con outras 150 organizacións políticas a nivel mundial, na primeira volta das eleccións presidenciais de Brasil celebrada este 2 de outubro.

Neste sentido, Miranda felicitou ao candidato do PT, Lula da Silva, pola súa vitoria neste primeira volta considerando que o seu resultado foi "espectacular, con máis de cinco millóns de votos que supoñen o 48,4% do total. Hai que lembrar que fai catro anos estaba en prisión, froito dunha campaña de per-



secución política e acoso baseada en mentiras".

Brasil irá a segunda volta electoral o vindeiro 30 de outubro entre Lula e o actual mandatario Jair Bolsonaro, que logrou o 43,3% dos votos. Para Miranda, a vitoria de Lula nesta segunda volta é "tremendamente importante para frear o goberno neofascista e violento" que representa Bolsonaro.

O Galicia Fórum Gastronómico volveu á Coruña

A alcaldesa da Coruña, Inés Rey, presidiu a inauguración do Galicia Fórum Gastronómico, que se celebrou do 25 ao 27 de setembro en Expocoruña, un evento de repercusión global.

A cidade herculina volveu a acoller outra edición do maior evento do norte de España neste sector, cos máis prestixiosos chefs e sumilleres, coa presenza de 27 estrelas Michelin, 160 expositores e sete escenarios para exhibicións e degustacións destacando Ángel León, Jordi Cruz, Javier Olleros, Diego Guerrero, Vicky Sevilla, Lucía Freitas ou Pepe Solla. Esta edición baséase na sustentabilidade como eixo temático e, ademais dos showcooking dos mellores cociñeiros, contará con espazos destinados a gastronomía líquida, con importantes novidades como a primeira Batalla de Sumilleres do Wine Circus e o primeiro Cocktail Bar Fórum. Tamén contou cun espazo de restauración para gozar de distintas opcións gastronómicas.



A Deputación tamén estivo presente

Neste Forum, a Oficina de Turismo da Deputación da Coruña ofreceu un programa de actividades no stand institucional para difundir e poñer en valor a singularidade dos produtos e da cociña de tres territorios da provincia: a Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, o Xeoparque de Cabo Ortegal e o Eume. Tamén presentou a marca turística e gastronómica coa que a Deputación identificará de produtos agroalimentarios, liñas delicatessen e establecementos de restauración da provincia que apliquen parámetros de calidade e sustentabilidade.

Estas xornadas, a celebrarse nos Concellos de Ortigueira, Curtis, Zas e Lousame, están dirixidas a persoas que exerzan algún cargo representativo nas entidades locais da provincia, a persoal funcionario e laboral e tamén a persoas interesadas en xeral.

2M€ en axudas a 878 persoas autónomas

A Deputación da Coruña publicou no Boletín Oficial da Provincia (BOP) a concesión das axudas da liña PEL-Autónom@s do Plan de Emprego Local, que ten por obxecto sufragar parte das cotas da Seguridade Social durante o ano 2022 de persoas autónomas naqueles meses que xa non perciban outras axudas, bonificacións, nin reducións.

O presidente da Deputación, Valentín González Formoso, destacou que ao abeiro deste programa, "un total de 878 traballadores/as autónomos/as recibirán entre 1.200 e 2.400 euros para axudarlles no pago de cotas á Seguridade Social, cun investimento global de 2.032.600 euros, que supón duplicar o millón de euros consignado inicialmente neste programa".



Grazas a este investimento, nos seis anos transcorridos desde a creación do PEL, a Deputación axudou a crear 4.500 empregos, apoiou a 3.500 empresas e creou unha rede de provincial de espazos de coworking que xa conta con once centros en funcionamento na provincia da Coruña.

A Deputación da Coruña, en colaboración co Consello de Contas de Galicia, organizará durante os meses de outubro e novembro catro xornadas formativas para dar a coñecer o Plan Xeral de Prevención de Riscos e Medidas Antifraude (PREMADECOR), que ten o obxectivo principal de garantir unha adecuada xestión dos fondos europeos Next Generation.

Ciclo formativo de xestión dos fondos Next Generation

A Deputación da Coruña, en colaboración co Consello de Contas de Galicia, organizará durante os meses de outubro e novembro catro xornadas formativas para dar a coñecer o Plan Xeral de Prevención de Riscos e Medidas Antifraude (PREMADECOR), que ten o obxectivo principal de garantir unha adecuada xestión dos fondos europeos Next Generation.

Estas xornadas, a celebrarse nos Concellos de Ortigueira, Curtis, Zas e Lousame, están dirixidas a persoas que exerzan algún cargo representativo nas entidades locais da provincia, a persoal funcionario e laboral e tamén a persoas interesadas en xeral.



Os XXX Xogos Florais de María Pita homenaxeará a María Casares



O Palacio Municipal acolleu o acto de presentación da trixésima edición dos Xogos Florais de María Pita, unha iniciativa promovida pola Real Orde de Cabaleiros de María Pita desde o ano 1992 e que conta co apoio do Concello da Coruña.

A alcaldesa, Inés Rey, acompañada polo Mestre-Presidente da Real Orde, José Enrique Duarte, presentou as bases do certame literario de cara a este ano, no que se lle renderá homenaxe á figura de María Casares, complementando os actos de conmemoración do Ano Internacional María Casares, postos en marcha polo

Goberno municipal no contexto do centenario do nacemento da actriz coruñesa.

O prazo de entrega dos traballos, premiados con 2.000 euros na categoría sénior e con 1.000 na categoría xuvenil, finaliza o vindeiro 13 de novembro.

O veredicto do xurado, para dar a coñecer as persoas gañadoras do certame poético nesta trixésima edición dos Xogos Florais, terá lugar o vindeiro día 20 de novembro, ás 19.00 horas, no Teatro Colón. A poeta Yolanda Castaño presentará o acto de entrega de premios, no que tamén participará o historiador Xosé Alfeirán.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

A rúa San Leopoldo, exemplo da mobilidade peonil

A alcaldesa da Coruña, Inés Rey, participou na marcha escolar a pé ata a rúa San Leopoldo, dentro das actividades da Semana Europea da Mobilidade. A rexedora estivo acompañada por axentes da Policía Local neste traxecto realizado polo alumnado do CEIP Sagrada Familia.

A rúa San Leopoldo foi obxecto dun proxecto piloto de peonalización acordado con veciños e comerciantes. Debido ao seu éxito, decidiuse acometer unha reurbanización completa da vía, que pasou a ser de plataforma única, con zonas verdes na súa parte central. Ademais dos xogos no pavimento, esta rúa tamén in-



corporou a estatua 'Os paseantes', de José Castiñeiras.

Este mércores comezaron os traballos de reurbanización da travesía de Santiago Rey Fernández-Latorre. Trátase dunha

grande actuación orientada tamén a mellorar a mobilidade peonil e en bicicleta. Este proxecto está financiado con fondos Next Generation e conta cun orzamento de máis de 750.000 euros.

A Coruña opta a 12,2 M€ de fondos Next Generation

A alcaldesa da Coruña, Inés Rey, informou dos proxectos que o Concello presentará na segunda convocatoria de fondos europeos Next Generation. A previsión do Goberno municipal, de acadar ditas axudas, é levar a cabo un investimento de 12,2 millóns de euros.

O Concello presentará un total de 18 proxectos a esta convocatoria. Algúns dos obxectivos comúns destas iniciativas son a mellora da mobilidade, a accesibilidade nas rúas ou a instalación de novo mobiliario esencial. Tamén destaca unha nova ampliación do servizo de BiciCoruña.

Destacan así proxectos como a Mellora de accesibilidade na rúa Castiñeiros; Mellora de accesibilidade ao Centro Oncolóxico;

Creación de escaleiras mecánicas en Adelaida Muro e Pintor Villar Chao; Reurbanización da rampla do Matadoiro; Melloras de accesibilidade entre Peruleiro e a rúa Barcelona; Melloras de accesibilidade na cidade; Reurbanización das rúas Cultura, Pintor Francisco Llorens e Pintor Joaquín Vaamonde; Reurbanización das rúas San Mateo e Padre Sarmiento; Glorietas na avenida de Fisterra; Reurbanización de Pla y Cancela; Reordenación do cruzamento entre a rúa Bergondo e a avenida Casanova de Eirís; Urbanización da avenida da Sardiñeira; Reurbanización da praza Pintor Laxeiro; Reforzo da sinalización de pasos de peóns; Mellora de accesibilidade nas paradas de autobús; e Ampliación de BiciCoruña.

Pacto Social contra as Violencias Machistas na Coruña

A concelleira de Benestar Social, Igualdade e Participación Cidadá, Yoya Neira, participou no acto de peche da segunda fase do Pacto Social por unha Coruña contra as Violencias Machistas, ao que se sumaron 120 entidades da cidade e máis de 1.500 persoas a título individual.

A concelleira destacou a importancia do pacto como unha das ferramentas fundamentais do compromiso do Goberno municipal coa loita contra a violencia machista e lembrou outras iniciativas como a posta en marcha dos puntos violeta, polos que pasaron máis de 2000 persoas



este verán e os 'Ciclos de conversacións' no marco de datas conmemorativas como o 8 de marzo ou o 25 de novembro, nas que participaron case 3.000 persoas,

na súa maioría adolescentes e mozas en idade de Educación Secundaria, así como tamén estudantes de ciclos de Formación Profesional.

Universitarios da UDC verán reducido nun 60% o prezo do bus

A colaboración entre o Concello da Coruña e a Universidade da Coruña permitirá que desde o vindeiro 3 de outubro, e por primeira vez na historia da institución educativa, a práctica totalidade dos seus e das súas estudantes gocen dunha bonificación para o transporte público que reducirá o prezo da viaxe en bus un 60% sobre a tarifa en vigor.

Os estudantes da UDC que se despracen ate os campus de Elviña, A Zapateira e Oza, empregando as liñas universitarias, 24 e 2-A —

así como as viaxes de orixe noutras liñas con transbordo a estas—, pagarán 21 céntimos por traxecto, sumándolle a bonificación estatal a todo o transporte público en vigor na Coruña desde o 1 de setembro. Tamén se prevé, en función da demanda, a inclusión doutras liñas que poidan chegar a Riazor.

As bonificacións aplicaranse en virtude dun convenio asinado entre as dúas partes, cunha achega de 250.000 euros por cada unha delas e unha vixencia de dous cursos académicos (2022-23 e 2023-24).

A Coruña acolleu os Premios Fundación Española

O Palexco da Coruña acoñeceu o acto de entrega dos premios xornalísticos da Fundación Española 2022, unha celebración levada a cabo no marco dos actos centrais polo Día da Policía.

A alcaldesa Inés Rey agradeceu ao Ministerio de Interior á hora de escoller á cidade herculina

como o fogar dos actos programados e puxo en valor "o traballo dos profesionais policiais como servizo público esencial para coídar da cidadanía".

Nesta edición dos premios xornalísticos da Fundación Española homenaxeouse a seis persoas: Categoría de prensa escrita e dixital: Pablo Díaz Al-

moguera; Categoría de radio: Manuel Marlasca García; Categoría de televisión: Elena García Cedillo e Susana de Alonso Cuenllas; Aos valores humanos: Luís Muñoz Mero, policía nacional, destinado na Brigada Provincial de Seguridad Ciudadana da Xefatura Superior de Madrid.

XXIV Campionato de España de MTB de policías locais

A Coruña celebrou este 24 de setembro o XXIV Campionato de España de MTB de policías locais, coa participación dun total de 193 policías de 75 concellos do país, organizado polo corpo municipal de Policía Local.

A vitoria na categoría absoluta masculina foi para Miguel Mínguez

Ayala, do equipo de Bilbao, que completou o circuíto de Bens cun tempo de 1 hora 34 minutos e 37 segundos. Na categoría feminina o mellor tempo foi para Carolina Alonso, de Leganés. Por equipos, o mellor tempo conxunto foi para Ceuta, seguido de Madrid e León. O equipo coruñés quedou na sétima praza..

A escritora arxentina María Rosa Lojo ingresa na RAG

A Real Academia Galega recibiu como membro de honra este 28 de setembro unha nova embaixadora da cultura galega en América, a escritora e investigadora María Rosa Lojo (Buenos Aires, 1954). Filla de nai castelá e de pai de Boiro, a autora é unha das figuras máis internacionais das letras arxentinas contemporáneas.

A académica de honra electa pronunciou o discurso titulado Unha galega filla en Buenos Aires nunha sesión extraordinaria no salón de actos da RAG, na que estivo presente o seu presidente Víctor F. Freixanes. A RAG nomeou a María Rosa Lojo (Buenos Aires, 1954) membro de honra no pleno celebrado a finais de decembro de 2019 pero o ingreso tivo que adiarse



por mor da pandemia de coronavirus.

María Rosa Lojo é doutora en Letras pola Universidade de Buenos Aires, foi investigadora principal do Consello Nacional de Investigacións Científicas e Técnicas de Arxentina (Conicet) e na actualidade é directora académica do Centro de Edicións

Estudios Críticos de Literatura Arxentina na Facultade de Filosofía, Letras e Estudos Orientais da Universidade do Salvador, na capital porteña. Dende 2015 é membro correspondente da Academia Norteamericana da Lingua Española e dende 2017 pertence ao consello de administración da Fundación Sur.

Ángel Carracedo, Premio Otero Pedrayo

O catedrático en medicina legal, investigador e experto en xenética Ángel Carracedo é o gañador do Premio Otero Pedrayo, organizado nesta edición 2022 pola Deputación da Coruña e convocado polas catro institucións provinciais e a Xunta de Galicia. É a primeira vez que se recoñece con este galardón unha traxectoria centrada na investigación médica e científica, cuxa candidatura partiu da propia Deputación.



Natural de Santa Comba, Carracedo é catedrático de Medicina Legal da USC cunha excelsa traxectoria que o converteu nun dos xenetistas máis relevantes a nivel internacional. Entre as súas investigacións pódense citar as que se centran na xenética do cancro, as enfermidades psiquiátricas en idade infantil, as enfermidades raras e a farmacoxenómica, ámbitos de traballo con especial repercusión na vida e na saúde das persoas.

PSdeG-PSOE apoia a reforma electoral para o voto emigrante

O senador galego César Mogo celebrou a aprobación definitiva na Cámara Alta, da reforma electoral presentada conxuntamente polo PSOE e Unidas Podemos. Mogo interveu no debate final do trámite lexislativo, no que sinalou que a reforma da Lereg "restitúe a plenitude dun dereito que, non deliberadamente, fora cercenado en 2011".

A reforma suprime o voto ro-

gado e "facilita a participación, ampliando os prazos para remitir documentación e o escrutinio e máis centros de votación directa". Ademais, explicou, "gaña en seguridade para evitar a fraude", xa que os sufraxios serán enviados por valixa diplomática e con identificación persoal do elector no voto por correo. Toda vez, Mogo criticou a postura do BNG de non apoiar a reforma da Lereg.

A debate a realidade dos medios impresos en galego

O Consello da Cultura Galega (CCG), en colaboración coa Asociación de Medios en Galego (AMEGA), celebrará o vindeiro 10 de outubro na sede do CCG en Santiago de Compostela a xornada "Realidade e perspectivas de futuro dos medios de comunicación en galego en soporte papel".

A xornada pretende dar a coñecer e analizar a realidade actual dos medios de comunicación escritos en galego en formato papel, a súa resistencia e a súa adaptación nun contexto fortemente marcado pola dixitalización e pola crise económica.

Participarán profesionais da talla de Xosé López García, Ana Díez, Julián Rodríguez Moscoso, Francisco Fernández Rei, Alberte Sánchez, Alejandro Nieves, Marta Cortés, Xan Carballa, María Obelleiro, Luís Álvarez Pousa, Diego Elías García Puente, Carlos G. Hervella e Guillermo Rodríguez Fernández.

Ademais, amosaranse diversos modelos xornalísticos, dende publicacións culturais cunha longa traxectoria, ata revistas especializadas no medio natural. Tamén se achegan iniciativas promovidas polas novas xeracións en papel a través do fanzine ou de revistas realizadas por centros de ensino.

Federación Down Galicia organiza en Santiago o seu I Encontro da mocidade

Máis de 130 persoas con e sen discapacidade vencelladas ao Movemento Down en Galicia reuníronse este 1 e 2 de outubro en Santiago de Compostela para participar no Encontro de mozos, mozas e persoas adultas organizado pola Federación Down Galicia.

Esta xornada ten como obxectivo principal proporcionar un lugar de encontro a mozos e mozas maiores de idade de toda a comunidade autónoma no que poder ampliar o seu círculo de relacións,

crear novos lazos de amizade e poñer en común inxenuidades, preocupacións, soños e logros nun contexto de convivencia totalmente inclusivo.

A realización deste encontro é posible grazas á achega da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través das subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).



MIRANDA
LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

www.libreriamiranda.gal

O ano hidrolóxico conclúe como o segundo máis seco da serie histórica

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil fai balance do ano hidrolóxico 2021-2022, comezado o 01 de outubro de 2021 e terminado o pasado 30 de setembro, que conclúe como o segundo ano máis seco da serie histórica, por detrás do ano 2016/17. “Estamos ante unha situación de seca prolongada xeneralizada na demarcación debido á falta de precipitacións; mensualmente poderíamos destacar o mes de xuño como húmido; outubro e agosto como secos; e novembro, xaneiro, febreiro, abril, maio e xullo como moi secos”, explicou o presidente da Hidrográfica.

Nivel precipitacións

A precipitación acumulada media foi de 694,6 l/m², un 39 % por baixo da media histórica. No ano hidrolóxico anterior, 2020/21, rexistrouse unha precipitación de 1.159,4 l/m², un 2 % por encima da media e un 67 % por encima da do ano 2021/22.

Analizando os resultados en cada unha das unidades territoriais nas que se divide a Demar-



Estado actual do encoro de Leboeiro, no Concello de Montederramo.

cación, o ano hidrolóxico 2021/22 se categoriza como “extremadamente seco”, precipitación por baixo do mínimo da serie histórica, nas unidades Miño baixo e Limia, e “moi seco” no resto, Miño Alto, Sil Superior e Inferior e Cabe.

Encoros

En relación cos encoros da Demarcación, pecharon o ano hidrolóxico ao 43,73 % da súa capacidade máxima. Este volume é un 0,88 % maior que a cantidade de auga embalsada hai un ano, 42,86 %, e un 10,81 % menor que a enchida media histórica nestas datas do ano, 54,54 %.

No relativo aos caudais circulantes ao peche do ano hidrolóxico, 30 de setembro, atópanse de media un 28,4% por baixo da media histórica.

“Tendo en conta estes datos e que as predicións a medio prazo fan prever que a situación de seca persiste, é fundamental que os concellos manteñan as medidas de aforro e continúen cos labores de concienciación á poboación cara ao uso racional e responsable da auga, lembrándolles que estamos ante un recurso imprescindible, limitado e dependente das condicións climáticas”, concluíu o presidente da CHMS.

A biblioteca do Pereiro terá aillamento térmico



Estado actual das obras na biblioteca municipal.

O Concello do Pereiro de Aguiar téñen en marcha as obras da biblioteca municipal. A cuberta e as fachadas da mesma serán melloradas grazas a esta actuación. Teñen un importe de 40 mil euros que afróntanse grazas a unha achega do departamento de Cultura da Xunta de Galicia.

O obxecto é mellorar a cuberta para evitar humidades e así conseguir o illamento térmico. Tamén é obxecto de actuación as fachadas para eliminar todos aqueles elementos engadidos que desvirtúan a construción orixinal xa que estamos ante un dos edificios máis nobres do Concello. Con esta nova mellora, que se suma a acometida no pasado exercicio, a biblioteca segue ofrecendo prestacións e confort para os seus usuarios e, ao mesmo tempo,

recuperar a esencia da construción orixinal do vello edificio consistorial que a acolle.

O deporte é outros dos servizos esenciais do Pereiro. O pavillón municipal da Chaira é sede dunha actividade deportiva cada día máis intensa e que non para de medrar. Por iso “estamos a acometer inversións no edificio para modernizalo e mellorar o seu aspecto. Neste senso ven de levarse a cabo, grazas a unha subvención da Xunta, esta mellora que muda a imaxe da construción e as prestacións da mesma”, dixo o alcalde.

Tamén comezaron as obras de substitución de luminarias por unhas novas en led para mellorar a iluminación e fomentar o aforro enerxético. Hai dous meses que se cambiou o sistema de calefacción de gasoil a peles.

O Concello de Ourense abre o prazo para as axudas ás AA.VV.

O Concello de Ourense vén de publicar as bases e convocatoria das Subvencións a asociacións veciñais para o funcionamento

e a realización de programas ou actividades para o ano 2022.

O gasto destinado a cubrir estas subvencións é de 46.366,38 €. O prazo para pre-

sentar as solicitudes será de 15 días hábiles, que comezarán a contar a partir de mañá, día 4 de outubro e rematará o día 25 de outubro.



A farmacéutica Kern Pharma instalárase en Monforte

José Tomé, alcalde de Monforte, participou na presentación do proxecto de Kern Pharma para o polígono industrial de O Reboredo de Monforte de Lemos. Asistiron ao acto o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda; o vicepresidente e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, Francisco Conde; o presidente do Grupo Indukern, José Luis Díaz-Varela, e o vicepresidente executivo do Grupo Indukern e presidente de Kern Pharma, Raúl Díaz-Varela.

José Tomé salientou que “hoxe é un día importante para o Concello de Monforte, para o seu Polígono Industrial de “O Reboredo e para a comarca de Lemos, porque hoxe damos a coñecer un proxecto empresarial que aposta por investir en Monforte nun proxecto innovador y que suporá, sen lugar a dúbidas, un antes e un despois na evolución económica da nosa cidade e do sur da provincia de Lugo”.

O proxecto consolidouse e chegou a bo fin tras 5 anos de xestións e negociacións do Alcalde monfortino cos responsables do Grupo Indukern. Neste senso, José Tomé sinalou “hoxe é un día especial para o Concello de Monforte, porque estas xestións teñen un final feliz, que van permitir que se materialice nunha nova planta de inxectables de Kern Pharma no Reboredo”.

As negociacións entre o rexedor municipal e os responsables do Grupo Indukern e Kern Pharma, incluíron visitas destes a Monforte, así como reunións de traballo en Barcelona así coma nos labora-

torios deste grupo farmacéutico.

Do mesmo xeito, o alcalde colaborou estreitamente en todas as xestións que foi preciso realizar para o desenvolvemento deste proxecto en Monforte, en concreto con Suelo Empresarial del Atlántico (SEA), co IGAPE, coa Deputación de Lugo e co Concello monfortino.

“Ademais de toda a colaboración administrativa como Concello emprendedor que somos recoñecido pola Xunta”, salientou o rexedor municipal, “colaboraremos en 3 liñas, no ICIO, no IBI e no IAE, porque esta aposta empresarial merece a pena”.

Máis de 33 millóns de euros de investimento

Este proxecto industrial suporá a atracción dunha importante inversión de máis de 33 millóns de euros, “que vai seguir potenciando e consolidando o auxe do Polígono Industrial de O Reboredo”, destacou o alcalde.

José Tomé agradeceu o compromiso e a implicación dos responsables do Grupo Indukern e Kern Pharma con Monforte, cidade natal de José Luis Díaz-Varela, “unha empresa referente no sector a nivel nacional e internacional, que vai crear un bon número de postos de traballo directos e que vai axudar a dinamizar a zona”.

“Todos os veciños e veciñas de Monforte”, engadiu o rexedor monfortino, “estamos orgullosos e satisfeitos de que un fillo de Monforte, José Luis Díaz-Varela, volva á súa cidade natal, tras máis de 7 décadas, dende que a deixase atrás para emprender unha brillante traxectoria empresarial,



Presentación na sede da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela.

como fundador e presidente do Grupo Indukern, e neste regreso á súa terra natal, volve cun pan debaixo do brazo”.

O alcalde anunciou o compromiso dos responsables do Grupo Indukern e de Kern Pharma de facer un acto explicativo deste proxecto en Monforte, e engadiu que “estou convencido de que isto non vai ser un feito illado e que en breve, coñeceremos novas iniciativas que van impulsar a Monforte e ó interior de Galicia, nunha comarca singular e excepcional como é a Ribeira Sacra”.

José Tomé, agradeceu a colaboración do IGAPE neste proxecto, reiterou o seu agradecemento, en nome dos veciños e veciñas de Monforte, ó Presidente do Grupo Indukern e ó Vicepresidente executivo do Grupo Indukern e Presidente de Kern Pharma, polo seu compromiso e implicación con Monforte de Lemos e co seu polígono industrial de O Reboredo. O futuro está por escribir, pero o futuro empeza a mellorar para Monforte”, concluíu o alcalde.

Produtos inxectables de Kern Pharma

Está previsto que Kern Pharma, o laboratorio farmacéutico do Grupo Indukern, iniciará no primeiro trimestre de 2023 a construción dunha planta de produtos inxectables en Monforte de Lemos. Esta nova fábrica lle permitirá triplicar a súa capacidade de produción e crecer no mercado dos medicamentos éticos e xenéricos, tanto nacional como internacionalmente.

A nova planta suporá unha inversión inicial de 33m€, que se destinarán á execución de toda a obra civil e á posta en marcha da primeira das catro áreas produtivas previstas: unha para ampollas -a primeira en entrar en funcionamento-, outra para viais e dúas máis dedicadas a proxectos de innovación. Ademais das zonas de fabricación, as instalacións contarán con laboratorios, área lóxística e espazo de oficinas. Todas están deseñadas seguindo estándares de ecoeficiencia e sostenibilidade. En total, as instalacións

ocuparán unha superficie de 14.000m².

José Luis Díaz-Varela, mostrou a súa confianza en que “esta planta no solamente impulse el crecimiento de Kern Pharma y del Grupo Indukern, sino que también tenga un impacto positivo en el territorio, dinamizando el desarrollo económico, social y la generación de empleo de la zona” e agradeceu a todas as administracións, tanto locais como autonómicas, o seu apoio e colaboración para que esta planta sexa unha realidade: “Como monfortino, este proxecto es una gran satisfacción para mí y estrecha aún más la relación de nuestra familia y la de nuestro grupo empresarial con Monforte y con Galicia”.

Pola súa banda, Raúl Díaz-Varela, remarcou que “esta planta es también un ejemplo de nuestro compromiso con la producción nacional. Tenemos que contar con una industria farmacéutica robusta, que apueste por plantas de producción propias que den respuesta a las necesidades de abastecimiento que se han hecho más patentes durante la pandemia”. E insistiu en que “al ser un proyecto de esta envergadura vamos a avanzar paso a paso, poniendo en marcha las distintas áreas productivas de manera escalonada e incorporando el equipo humano según avancen las necesidades. La previsión inicial es comenzar con una producción de 50mill/uds año de ampollas y contar con un equipo de aproximadamente 50 personas a los tres años desde la puesta en marcha”.





Pulpería Taberna Gallega

Sebastián Aparicio, 4 . T. 988 68 66 28 . OURENSE
Irmãos Villar, 15 . T. 988 06 07 57 . OURENSE
Plaza del Carbayón, 4 . T. 984 84 27 57 . OVIEDO
San Bernardo, 23 . T. 985 09 01 17 . GIJÓN
Calle del Horno, 3 . T. 984 18 18 69 . GIJÓN
A Feira Posada. T. 985 57 86 64 . OVERO



Redacción

Sober, exemplo de planificación no abastecemento e saneamento

A Xunta vai destinar 300.000 euros a axudar aos concellos na realización de auditorías nos seus sistemas de saneamento co fin de erradicar as infiltracións de augas brancas e vertidos e preservar así a calidade das augas. A conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez, achegouse ao concello de Sober coincidindo coa publicación no Diario Oficial de Galicia, da primeira convocatoria desta liña de incentivos da Xunta, para que os municipios conten con ese instrumento básico para a detección e corrección destes problemas, e acadar un funcionamento máis eficiente das redes municipais.

Vázquez Mourelle destacou o carácter esencial das auditorías, que permiten detectar as eivas das redes de saneamento e programar actuacións que leven á súa emenda, e incidiu na urxencia de identificar e atallar eses problemas para coidar máis a auga,



Raquel Arias, Ethel Vázquez e Luís Guitián.

“un ben finito e cada vez máis escaso”, remarcou.

A conselleira enmarcou o encontro de traballo co alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, para presentar os novos incentivos para a realización de auditorías nas redes de saneamento, por ser este un municipio un exemplo da importancia que lle outorga á auga.

Puxo de relevo o traballo intenso que realizou este Concello

nos últimos anos para prestar servizos de abastecemento e de saneamento aos seus veciños de xeito máis eficiente. Citou a instalación de caudalímetros, e a solicitude das axudas da Xunta para dotarse do seu propio Plan de emerxencia fronte á seca e para realizar auditorías na rede de abastecemento co obxectivo de detectar e paliar posibles fugas no seu sistema.

O xacemento de Proendos sacan á luz a superficie completa dun hórreo romano

Os traballos impulsados pola Xunta no xacemento arqueolóxico de Proendos (Sober) veñen de sacar á luz a superficie completa dun hórreo romano, unha estrutura única no noroeste da Península Ibérica pola disposición dos seus muros paralelos. Así o comprobou Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, nunha visita a Sober.

Este proxecto permitiu identificar o tamaño completo do hórreo romano localizado na última campaña. Trátase dunha estrutura de máis de 5 metros de ancho e 7 de largo que ocupa unha área de 44,5 metros cadrados. Ademais, no transcurso da intervención tamén se identificou unha posible plataforma de acceso ao mesmo e un conxunto de lousas que bloquean as rúas de ventilación e que, segundo os especialistas da empresa Tempos Arqueólogos S.L, encargada da escavación, poderían indicar o seu uso en diferentes momentos, posteriores ao século I.



Foron localizados catro muros que continúan máis aló dos límites da escavación.

Os achados rexistrados nos actuais traballos e a última campaña impulsada pola Xunta inclúen a constatación da existencia dun hipocausto, unha estancia oca que os romanos adoitaban construír debaixo do chan nos cuartos das vivendas e nos baños para que circulara o aire quente; a localización dunha ábsida circular de orixe romana, numerosos materiais e restos das estruturas das edificacións ou fragmentos dun

mosaico romano.

A prospección xeofísica levada a cabo polo Concello de Sober no ano 2019 permitira constatar a existencia de, polo menos, un complexo de hipocaustos de extensión considerable, varios elementos de posible carácter público e de servizos, posibles estruturas de habitación, unha probable trama urbana ou estruturas funerarias, así como un hipotético sistema de condución de augas.

A exposición itinerante "No Camiño" chega a Sober



A Mostrá está na casa da Cultura de Sober.

A mostra itinerante "No Camiño", que co subtítulo "As imaxes que viron os peregrinos" foi presentada en Sober. Recompila imaxes antigas dos Camiños de Santiago ao seu paso pola provincia de Lugo, ademais de textos literarios relacionados con eses anacos da historia do Camiño, hoxe perdidos

na súa maior parte. A mostra conta co patrocinio da Axencia de Turismo de Galicia, e actualmente está a percorrer os Camiños de Santiago por toda Galicia. Participaron na presentación Javier Arias, delegado da Xunta en Lugo, Luís Fernández Guitián, alcalde de Sober, e o presidente do Colectivo Egeria, Xulio Xiz Ramil.

O grupo Caixa Rural duplica este ano a súa axuda a Cáritas

Caixa Rural Galega e as demais entidades que forman o Grupo Caixa Rural (incluído o equipo ciclista Caixa Rural-Seguros RGA) celebraron o seu denominado "día solidario" duplicando a axuda económica que ofrecen ao programa de Acolida e Atención Primaria de Cáritas. O grupo anunciou que doará a esta última entidade o 20% dos beneficios obtidos durante esa xornada nas vendas de pólizas de seguros.

Os responsables do grupo si-

nalan que este ano se decidiu duplicar a axuda ao programa de Cáritas por considerar que "cobrou especial relevancia na actualidade, coas economías familiares merxadas pola situación económica e coas dificultades derivadas da guerra de Ucraína".

Creouse un unha imaxe identificativa do día solidario, que consiste nunha man cos dedos índice e corazón levantados en forma de uve, "símbolo de paz, solidariedade e vitoria", segundo indica o Grupo Caixa Rural.

Obradoiro de emprego en Ourense

Concello de Ourense e a Xunta de Galicia porán en marcha este ano o Obradoiro de emprego Montealegre 3, que dará formación de carácter teórico e práctico durante 12 meses a un total de 20 persoas desempregadas coa finalidade de mellorar a súa cualificación e axudalas a acceder a un posto de traballo.

O proxecto, cun orzamento de 636.919,11 euros, consta de

2 módulos. Un deles estará dedicado a albanería e pavimentación, e o outro a repoboamento forestal e tratamento silvícola. Os alumnos terán a posibilidade de obter a certificación profesional do nivel 2. Tamén formarán parte do proxecto outras 4 persoas: 1 asumirá a dirección, outra a secretaría e outras 2 a docencia. O obradoiro botará a andar antes de rematar o actual ano 2022.

Bono turístico para aloxamentos na Ribeira Sacra

Un total de 34 establecementos da Zona Sur de Lugo están adheridos ao bono turístico “QuedamosenGalicia22” da Xunta que volve estar activo desde 15 de setembro e poderá desfrutarse ata o 31 de decembro. Así o explicou o delegado do Goberno galego, Javier Arias, en Sober. Nesta parte da provincian hai diferentes aloxamentos dispoñibles en Pantón, Monforte de Lemos, Chantada, A Pobra do Brollón, Quiroga, O Saviñao, Folgoso do Courel e Taboada.

Arias lembrou que o bono permaneceu desactivado na época de maior demanda turística -entre

o 1 de xullo e mediados de setembro - “porque precisamente un dos obxectivos desta campaña é mellorar as cifras de ocupación fóra da tempada alta”.

Sinalou que os negocios da Zona Sur participantes en 2021 recibiron unha inxección duns 290.000 euros a través desta iniciativa turística, que “volve a ter unha acollida excelente entre a cidadanía na nova edición”.

Tamén salientou que varios concellos desta zona figuran entre os primeiros da provincia de Lugo que rexistraron máis gasto o ano pasado con cargo aos bonos. Así, Pantón foi o terceiro -os usuarios das tarxetas nos locais deste mu-

nicipio abonaron 157.000 euros -; Monforte de Lemos o sétimo - cun gasto de 52.275 euros -; e Sober o oitavo -47.798 euros -.

Outono Gastronómico

O delegado referiuse ademais a outras iniciativas para fomentar o turismo que ten en marcha a Xunta nestes meses do ano, como o Outono Gastronómico en establecementos de turismo rural, activa desde o 16 de setembro ata o 18 de decembro.

Nove dos locais lucenses participantes están na Zona Sur da provincia, repartidos polos concellos de Taboada, O Courel, O Saviñao, A Pobra do Brollón, Pantón, Quiroga e Sober.



Presentación da campaña en Sober.

Os usuarios teñen a opción de elixir entre seis paquetes distintos, que poden limitarse a desfrutar dos menús a base de produtos galegos con certificación de calidade ou incluír estancias e mesmo actividades como roteiros, acceso a adegas e balnearios ou xogos de escape room.

Todas aquelas persoas interesadas en consultar os negocios adheridos ao Bono Turismo ou informarse sobre as opcións dispoñibles nos Outonos Gastronómicos poden facelo a través da páxina web de Turismo de Galicia, onde hai apartados específicos para cada unha destas iniciativas.

Nova aula na escola infantil pública de Chantada

A Xunta de Galicia incrementou en 15 prazas a capacidade da escola infantil de Chantada, pertencente á rede pública autonómica, polo que o centro conta desde o inicio deste curso cunha aula máis para ter na actualidade cinco en funcionamento. O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, e o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitaron o centro, acompañados do alcalde Manuel Lorenzo Varela.

Perfecto Rodríguez salientou que con esta actuación “aténdese mellor á demanda das familias de Chantada que depositan a súa confianza no proxecto educativo e nos profesionais desta escola infantil”, que comezou o curso 2022-2023 con máis de 60 alumnos matriculados.

Ademais da ampliación do centro, recordou que nel as familias teñen a atención educativa de balde para os seus fillos,



A escola pública infantil xa ten cinco aulas.

o que lles supón un aforro medio de ata 2000 euros ao ano por neno. Arredor de 31.000 pequenos de 0 a 3 anos beneficianse a partir deste curso desta medida, dirixida ao 100% do alumnado de todas as escolas infantís de Galicia.

Así mesmo, o xerente do Consorcio agradeceu a implicación do Concello, que asumiu o custe e execución das obras de ampliación, as cales ascen-

deron a 54.000 euros. Estas consistiron, basicamente, na redistribución da zona de acceso ao inmoble e do espazo de administración para darlle cabida á nova aula. Pola súa parte, o Consorcio encargouse do equipamento, material didáctico e da instalación de estores e vinilos, cun investimento de 16.600 euros; así como do incremento do persoal necesario.

A Mariña en Ruta os fins de semana



O programa manterase en outubro e novembro.

A Xunta de Galicia impulsa unha nova edición do programa A Mariña en ruta a través do convenio de financiamento que mantén coa Mancomunidade de Municipios mariñá para a xestión do xeodestino, no que inviste 56.000 euros; deste xeito, dá cobertura a esta e outras propostas que axudan a diversificar e desestacionalizar a oferta turística da comarca.

A iniciativa, presentada en Foz, consiste en rutas guiadas por paisaxes naturais e recursos culturais e dará comezo o día 8 de outubro coa ruta dos Fornos e a Mina Consuelo da Pontenova. Celebraranse os sábados e festivos durante outubro e novembro e

para este primeiro mes están previstos percorridos por Xove, O Vicedo, Alfoz e Burela.

O programa vai pola súa cuarta edición e estase consolidando como unha das actividades con maior atractivo do outono na zona, ademais de ser un claro exemplo do modelo que se pretende apuntalar a través do Plan de sustentabilidade turística.

A Xunta achega un millón de euros a este plan, que consta de 5 eixos programáticos con 18 liñas de actuación e, entre outros obxectivos, aposta por diversificar a oferta e aproveitar de forma sostible os recursos para a creación de equipamentos e produtos turísticos.

Redacción OURENSE

O novo sistema de depuración garantirá a calidade das augas na Bola

Ethel Vázquez, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, e María Teresa Barge, alcaldesa da Bola, asinaron un convenio para a execución das obras de mellora das infraestruturas de depuracións municipais. No acto de sinatura tamén participou o delegado da Xunta en Ourense, Gabriel Alén.

Segundo establece o convenio asinado, a Xunta achegará íntegramente o investimento necesario para as actuacións, que rolda os 48.000 €. Ademais, asesorará tecnicamente ao municipio na execución das obras. O Concello da Bola comprométese a executar a actuación e a asumir o mantemento das novas infraestruturas hidráulicas.

Na actualidade, neste municipio ourensá, os núcleos do Prado, Alvarín e Soutomel contan cun sistema de depuración cun funcionamento deficiente composto por un decantador dixestor como



María Teresa Barge, Ethel Vázquez e Gabriel Alén.

tratamento primario e un filtro biolóxico ou leito bacteriano como tratamento biolóxico, con vertedura directa ao terreo. As actuacións permitirán mellorar esas infraestruturas de depuración, de xeito que garantan a calidade das augas e dos ecosistemas asociados.

Para iso a intervención recolle, entre outros traballos, a limpeza do perímetro da instalación de

depuración actual, do decantador dixestor e do filtro biolóxico ou leito bacteriano; ademais da implantación dun sistema rotativo estático sobre o leito filtrante; novas chemineas de ventilación; novas arquetas de mostras para a inspección; e a implantación dun sistema de vertedura indirecta ao terreo, mediante gabiá de infiltración. O prazo de execución das obras estímase en tres meses.

Infraestruturas de abastecemento de auga para Quiroga



A sinatura do convenio realizouse en Santiago.

Ethel Vázquez, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, e Julio Álvarez, alcalde de Quiroga, asinaron o convenio de colaboración para restablecer as infraestruturas de abastecemento de auga danadas polos incendios forestais mediante un investimento autónomo de preto de 140.000 euros.

Trátase de repórter a tubaxe de abastecemento de auga potable na zona de captación de Leixazós, danada en xullo por mor dos incendios, para dar servizo aos núcleos da Ermida, San Vitorio, Pacios de Mondelo e ao casco urbano de Quiroga, que

suman 1.289 usuarios.

Para isto, os traballos previstos no convenio de colaboración consisten na retirada da tubaxe queimada e na instalación dunha nova que proporcione un servizo eficiente aos veciños.

No que se refire aos compromisos establecidos no acordo, a Xunta, a través de Augas de Galicia, financiará íntegramente as intervencións e asesorará ao Concello desde o punto de vista técnico. Pola súa banda, o municipio executará as obras proxectadas para resolver as citadas carencias no sistema de abastecemento municipal.

Vinte e cinco países participaron en Termatalia

Termatalia foi punto de reencontro internacional dos profesionais do turismo de saúde tras a pandemia. Unha feira completa e presencial que reuniu a 140 expositores de vinte e cinco países e que recibiu 6.300 visitas posicionando a Ourense como epicentro mundial de termalismo. Termatalia celebrouse de forma paralela e complementaria con outros dous grandes encontros profesionais como o Congreso Internacional de Turismo Termal e o XXI Congreso Nacional de Hidroloxía Médica que terminou no balneario de Laías reunindo a médicos de toda España que escoitaron ás referencias mundiais en Hidroloxía Médica.

O xurado entregou o premio de "Política Empresarial en Responsabilidade Social Corporativa (RSC) e Medio Ambiente" a Auara, empresa social que destina o 100% dos seus dividendos a pro-



Aspecto xeral do recinto feiral.

xectos orientados a posibilitar o acceso a auga potable a persoas en países en vías de desenvolvemento. O premio a Envase Innovador foi tamén para Auara, xa que se trata dun envase 100% reciclaxe e reciclable e con etiqueta tamén en braille.

Tamén foi presentado o proxecto Termagal que recolle a historia clínica electrónica común dos balnearios de Galicia. Foi un

proxecto iniciado hai anos, que se truncou, e que agora viu a luz tras a súa reelaboración pola empresa Trileuco Solutions. A súa implantación en todos os balnearios supoñerá un avance moi importante da balneoterapia en Galicia ao permitir dispoñer dun arquivo de historias clínicas termiais elaboradas en base aos mesmos criterios que permitirá a realización de futuras investigacións.

Ourense, cidade de cinema

A vinteseite edición do Festival de Cine de Ourense (OUFF) foi como "un dos grandes encontros para o músculo audiovisual galego". "O seu impacto é indiscutible como gran escaparate para os creadores máis punteiros de toda a escena galega, pero tamén para os proxectos internacionais de maior envergadura", dixo Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, na clausura do festival.

O conselleiro salientou, así mesmo, o papel desta cita para dar o pulo definitivo a Ourense como cidade de cinema, "unha cidade que deu un paso adiante no referido a producións, con ata vinte títulos desenvolvidos na órbita da provincia".

Román Rodríguez subliñou "o momento de esplendor creativo

e de madurez alcanzado polos creadores audiovisuais galegos nos últimos anos, con compañías locais convertidas en auténticos referentes no panorama nacional e con creadores galegos celebrados globalmente, convertidos en embaixadores da marca Galicia de calidade".

Lembrou a posta en marcha, por parte da Xunta, do Hub Audiovisual, "un apoio sen precedentes ao sector para acelerar o seu desenvolvemento e garantir un chan de estabilidade para os seus profesionais". Neste senso, incidiu no reforzo do investimento da administración autonómica no audiovisual galego, destinatario no que vai de ano de oito convocatorias de axudas dotadas con máis de 7,2 millóns de euros.

O BNG solicita auditoría sobre a compra de catro parcelas por parte da Xunta

O Grupo parlamentar do BNG ven de rexistrar no Parlamento galego a través do deputado por Ourense Iago Tabarés, unha proposición non de Lei relativa ás posíbeis irregularidades no procedemento seguido pola Xunta de Galicia para a adquisición de catro parcelas no barrio das Lagoas co obxecto de construír nelas o novo edificio administrativo no que centralizar todas as dependencias do Goberno galego en Ourense.

Tabarés cuestiona as trabas e as dificultades postas pola Xunta á hora de permitir o acceso, algo ao que as e os deputados teñen dereito, a dito expediente. “Resulta incompresíbel a contumaz resistencia da Xunta de Galiza a cumprir coa legalidade vixente e negarse á remisión ao Parlamento de Galiza do expediente solicitado vía artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galiza”.

Segundo o deputado Tabarés este comportamento da Xunta, “reflexa a vontade de obstaculizar o control da acción do goberno, xa que o que se exhibiu foi unha copia do expediente que ben podería ser remitido ao Parlamento en tempo e forma, como



As parcelas están situadas á esquerda da avenida de Otero Pedraio.

este requiriu”.

O motivo da solicitude dunha auditoría externa que avalíe o procedemento e a adquisición das parcelas ven dada polo feito de que “unha vez analizado o expediente, resulta elocuente a ausencia de proxecto ou, sequera, de anteproxecto que acredite a superficie necesaria para a construción do edificio, de documentación algunha sobre as xestións realizadas, alternativas analizadas, e xa que logo, a opción pola ubicación finalmente escollida, sendo palmario o sobreprezo satisfeito pola Xunta para a adquisición das parcelas”.

Para Tabarés, “os feitos acre-

ditan o nulo rigor orzamentario da Xunta de Galiza consignando partidas elevadas sen a máis mínima constancia da posibilidade do seu cumprimento ou mesmo sendo conscientes da súa imposible execución”.

Ante esta situación é pola que desde o BNG veñen de instar á Xunta de Galicia a presentar na Cámara galega, antes de que finalice o ano 2022, unha auditoría externa sobre o procedemento seguido para a adquisición das catro parcelas no barrio das Lagoas con destino a construción do novo edificio administrativo, así como sobre o importe satisfeito pola compra das mesmas.

Polígono agroforestal na Peroxa destinado a uso gandeiro

Inés Santé, directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, manifestou que se está estudando a implantación dun novo polígono agroforestal na Peroxa, no marco da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Foi na reunión que mantivo co alcalde desta localidade ourensá, Manuel Seoane, que tamén é presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural Comarca de Ourense (GDR 11-Adercou). Segundo trataron na xuntanza, esta nova figura prevé destinarse a uso gandeiro nunha superficie pendente de determinar.

O encontro tamén serviu para abordar diversos proxectos que



A reunión celebrouse en Santiago de Compostela.

está a coordinar este grupo de desenvolvemento rural no marco da medida Leader. En concreto, a creación de servizos turísticos da Ribeira Sacra que reúnan novas tecnoloxías, paisaxe e respecto á natureza cunha achega xestionada pola Xunta de case 80.000 euros;

a construción dun invernadoiro como punto de venda de plantas de interior en Esgos, cunha subvención de máis de 14.000 euros; e o acondicionamento e mellora do local social de Toubes, na Peroxa, cunha axuda pública de máis de 8.000 euros.

O Salón do Automóbil presenta en Expourense as novidades do mercado de 20 marcas



Presentación da feira en Expourense.

Quince concesionarios da provincia de Ourense pertencentes á Asociación de Concesionarios de Automóviles de Ourense (A.C.A.U.T.O.), participarán como expositores no 13º Salón do Automóbil que se celebrará durante dúas finas de semana seguidas en Expourense. A fin de semana do 14 ó 16 outubro terá lugar o Salón do Vehículo Novo, e dende o 21 ao 23 de outubro o do Vehículo de Ocasión. Trátase de dúas citas vencelladas cun dos sectores comerciais de maior peso na provincia de Ourense, o da automoción, e que está organizado de forma conxunta entre Expourense e A.C.A.U.T.O. coa colaboración da Deputación.

Todas as marcas presentarán os últimos lanzamentos e os vehículos que se van comercializar na campaña do 2023. As 15 empresas representan unha vintena de marcas que presentarán unha vintena de modelos novos. As marcas representadas son: Audi, BMW, Citroën, Cupra, Dacia, Ford, Hyundai, KIA, Mazda, Mercedes, Nissan, Opel, Peugeot, Porsche, Renault, Seat, Skoda, Toyota, Volkswagen e Volvo.

Tanto dende ACAUTO como dende Expourense indícase que estas dúas citas son unha magnífica oportunidade (por calidade, cantidade, variedade e prezos especiais en feira) para aqueles que buscan un coche novo. Como incentivo para animar aos visitantes a axilizar o proceso de decisión, a organización volverá sortear, entre os visitantes que pechen a compra dun automóbil novo ou de ocasión nestas citas, un cheque regalo por importe de 6.000 euros a descontar do precio

de compra do vehículo adquirido.

Este ano repítese tamén a colaboración con Cáritas Ourense, entidade que recibirá ao rematar estas citas 15 euros por cada vehículo vendido que será achegada entre Expourense e ACAUTO.

O obxectivo destas citas é presentar no recinto feiral unha oferta completa e atractiva, que cubra todas as gamas e modelos de vehículos para adaptarse ás necesidades e preferencias dos visitantes. Trátase dun público obxectivo e amplo que poderá consultar nun mesmo espazo e de forma axeitada toda a oferta existente no mercado ourensán, e comparar opcións antes de decidir a compra do seu vehículo.

O horario do 13º Salón do Automóbil será os venres 14 e 21 de outubro de 11.00 a 20.30 h.; os sábados 15 e 22 de outubro de 10.00 a 20.30 h., e os domingos 16 e 23 de outubro de 11.00 a 20.00 h. O prezo da entrada son 3 euros por cada salón (menores de ata 12 anos teñen entrada gratuíta).

Esta cita foi presentada nun acto no que participou o presidente de ACAUTO, Ramón Seijas Pérez, acompañado polo vicepresidente, César Fernández Mosquera e por membros da directiva desta asociación ourensá que reúne a unha vintena de empresas que xeran 400 postos de traballo directos e presentan unha facturación anual de 200 millóns de euros. ACAUTO estivo acompañado polo vicepresidente da Deputación de Ourense, César Fernández Gil; polo secretario xeral de Cáritas en Ourense, Javier Soto; e polo director xerente de Expourense, Rogelio Martínez González.

Montederramo téñ un dos máis importantes cumios de Galicia

O Concello de Montederramo, situado dentro da Ribeira Sacra e cun dos máis importantes cumios de Galicia, ofrece unha ampla diversidade de espazos naturais que fan posible a práctica de deportes e actividades ó aire libre.

Predomina a paisaxe de montaña na zona sur pola influencia da Serra de San Mamede. A importancia natural desta é tal que gran parte dela está recoñecida pola Rede Natura 2000 como Lugar de Interese comunitario (LIC) co nome de “Bidueiral de Montederramo”, xa que un contén un importante bosque de bidueiros e outras especies autóctonas que se expanden por mais de 250 hectáreas.

A subida ó alto de San Mamede tamén é recomendable polas impresionantes vistas do entorno,

chegándose a divisar Verín ou Monforte de Lemos. Alí está a Capela do santo e a fonte da que, según conta a lenda, o eremita fixo manar auga pura e abundante. Tanto o Bidueiral como o San Mamede contan con rutas de senderismo, dispoñéndose de folletos na oficina de turismo.

Roteiro do Santo

A chamada “Ruta do Santo” segue o camiño que o eremita San Mamede percorría para achegarse dende a súa ermida, no alto da Serra que leva o seu nome, ata o Mosteiro Cisterciense de Montederramo, comunidade monacal a que pertencía. Este camiño so o realizaba unha vez no ano, concretamente o día 15 de agosto, data na que a comunidade monacal celebraba a súa patroa. O resto do ano, eran os propios monxes da abadía os que

se achegaban, en pequenos grupos, á ermida para levar a cabo xornadas de meditación e retiro espiritual.

O sendeiro, que ten o seu inicio diante do Mosteiro de Santa María de Montederramo, vai ascendendo gradualmente, atravesando fermosos pobos coma Vilanova e Fontedoso, ata deixarnos os pes dun duro ascenso que remata no cumio da serra. Este esforzo final vese recompensado polas fermosas vistas que dende alí se poden ollar, a carón da ermida.

O camiño de volta descende pola cara oposta da serra ata o “Pluviómetro”, adentrándose na “Ruta do Bidueiral” ata o “Campo do Casar”. Dende alí achéganos ata a igrexa de San Cosme, moi preto de Montederramo.

Roteiro do Bidueiral



Admirar as diferentes tonalidades das árbores é unha experiencia inigualable.

A “Ruta do Bidueiral” pódese considerar hoxe, coma unha das andainas máis fermosas de toda a nosa xeografía galega. Iniciamos o percorrido en Montederramo e dirixímonos á cara norte da mítica Serra de San Mamede. Despois de 8,9 qms. chegamos á encrucillada do “Campo do Casar”, punto a partir do cal o sendeiro adéntrase no espacio natural “Bidueiral de Montederramo”. Situado entre a Ribeira Sacra e o Macizo Central de Queixa-Manzaneda, atópase este inigualable conxunto boscoso,

cuia importancia ecolóxica determinou a súa integración na Rede Natura 2000.

Un fermoso paseo de 9,4 qms. permite ó sendeirista atravesar unha das máis espectaculares “fragas” de Galicia, a cal alberga relevantes mostras de especies autóctonas (bidueiros, carballos, acivros, abeleiras, cancereixos, piñeiros silvestres, arandeiras,...) e unha variada fauna (corzos, xavaríns, lebres, perdices, gaibíans, aguias, azores, mouchos, bufos,...).

Exposición de gando vacún en Montederramo na feira-festa da carne

A asociación de gandeiros de Montederramo organiza o IV concurso exposición da gando vacún os días 11 e 12 de outubro na nave municipal. O día 11 o gando entrará no recinto ás cinco da tarde e a media noite actuará na praza o Dj You. Ao día seguinte abrírase o recinto do

gando ás 9 da mañá. Tres horas máis tarde entregaranse premios ós gandeiros participantes. Despois da xantar, animado por gaiteiros, actuará o dúo Pégate.

O xantar do mércores festivo día 12 estará composto por empanada, carne richada e ó caldeiro acompañada de viño da Ribeira

Sacra e de sobremesa bica e licor café, ao prezo de 20 euros. O Concello pon a venda 1.500 entradas para xantar baixo a carpa situada nun lateral da Praza de Montederramo. Noutra parte da praza estarán os postos de venda de apeiros de labranza, roupas e produtos típicos da comarca.



Bica Amantecada

Viños da Ribeira Sacra.

Valdeorras, Albariños, Godello

Mel Marrón Glacé

Vianos

Productos do Bierzo

Tenda Café-Bar

Adega do

GRILLO

sabor a ribeira sacra

PRAZA DO PRADO 1

T. 988 20 30 34

CASTRO CALDELAS

Ribeira Sacra estará cos seus viños en Amsterdam

A denominación de orixe Ribeira Sacra seguirá con actividades promocionais en novembro acudindo con ACRUAGA ao evento "Salón dos viños e augardentes de Galicia" en Amsterdam. A actividade organizada pola Asociación Española de Catadores segue continuar coa promoción dos viños galegos en Europa. "Despois de participar nas citas vitivinícolas de París, Düsseldorf e Londres, a asistencia a Amsterdam axudará a consolidar o mercado cos Países Baixos, dos principais importadores dos viños da D.O. Ribeira Sacra", dixo José Manuel Rodríguez González,

presidente da D.O. Ademais de seguir presente nas citas onde o viño é protagonista, a D.O. Ribeira Sacra segue desenvolvendo actividades de formación, tamén en colaboración con ACRUAGA.

Despois de vinte días de vendima oficial, a denominación de orixe Ribeira Sacra recolleu seis millóns de quilos de uva. Da variedade maioritaria, Mencía, lévanse vendimado máis de catro millóns de quilos. Das 89 adegas que vendiman este ano ao amparado da D.O. Ribeira Sacra, 55 terminaron a vendima, 33 adegas seguen vendimando e falta unha por comezar. A calidade das uvas

que están a entrar en adega é moi boa, cun estado sanitario óptimo.

Viñobús polos viñedos e adegas

O Viñobús é unha experiencia para maiores e pequenos que queren coñecer de onde proceden as uvas, cómo se cultivan e a súa transformación en mosto ou en viño de forma natural. As saídas deste ano foron as fins de semana dos días: 17-18 e 24-25 de setembro coincidindo coas labores de vendima. Realizaronse paseos polos viñedos acompañados por quen mellor coñecen a vide e cómo coidala; as variedades de uva; as súas diferentes follas; a



Labores de vendima.

importancia do chan...Cata de uvas, mostos e viños, percibindo os distintos aromas, sabores e texturas. Os visitantes vendiman e pisan os acios como se facía antigamente. O mosto introducese nas cubas para a fermentación e os enólogos ocupanse de coidar este viño ata o seu embotellado. Será a partir dese momento cando se poderá gozalo.

A ruta incluíu un xantar. O tipo de almorzo varía en función

da adega, pero na maioría dos casos trátase de pratos fríos cun menú propio dos viticultores durante unha xornada de vendima. Os grupos foron dun máximo de 15 persoas que se desplazaron en microbús desde o punto de encontro: o Parque dos Condes, de Monforte. Os prezos, entre 10 e 15 euros segundo idade, incluíu traslado desde o punto de encontro, xantar na adega e guía acompañante.

El Sabor de un paisaje

RS
el sabor de un paisaje
Ribeira Sacra

RS
el sabor de un paisaje
Ribeira Sacra

RIBEIRA SACRA
Consejo Regulador Denominación de Orixe

UNTA DE GALICIA